

## LISTAXE DE PERSOAS CONVOCADAS A MATRÍCULA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA CURSO 2020/21

1.-Criterios de Admisión (Artigo 7. Regulamento de Réxime Interior do Punto de Atención á Infancia do Concello da Baña)

A) Criterios de prioridade para adxudicación de prazas:

1. Aqueles nenos e nenas empadroados no concello da Baña e que acrediten que polo menos un dos proxenitores ou representante estea empadroado no mesmo domicilio

2. De existir prazas vacantes poderán acceder ao servizo as fillas e os fillos de persoas que, estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo nunha empresa con sede social ou órgano da administración que radique no concello da Baña. Esta situación deberá acreditarse cun certificada da empresa ou da institución correspondente.

3. Persoas que teñan a súa residencia en concellos limítrofes co da Baña. Para isto será necesario achegar o certificado de empadroamento da crianza e de polo menos dun dos proxenitores ou representante legal.

B) As prazas adxudicaranse por esta orde:

-Reserva:

1. As crianzas matriculadas no PAI antes do 31 de xaneiro gozan de preferencia para a adxudicación de praza nas seguintes convocatorias sempre que cumpran os requisitos establecidos no artigo 6 deste regulamento. A reserva de praza tramitarase co impreso oficial habilitado ao efecto, e presentarse no prazo establecido polo que se abre o prazo de reserva de praza, preinscrición e matrícula de usuarios/as do PAI. Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

-Novo ingreso:

Unha vez adxudicadas as solicitudes correspondentes ás reservas de praza, as vacantes serán adxudicadas ás persoas solicitantes de novo ingreso segundo a puntuación obtida pola aplicación do baremo aprobado. Esta puntuación determinará a orde de relación na adxudicación de prazas.

No caso de obter igual puntuación, daráselle prioridade á renda per cápita máis baixa e tras a aplicación deste criterio terán preferencia as solicitudes de xornada completa sobre media xornada.

No prazo de presentación destas solicitudes e a súa posterior baremación non serán incluídas as solicitudes previstas no seguinte apartado.

-Prazas de emerxencia social:

Só poderán acceder a estas prazas, aquelas solicitudes dirixidas á Dirección do PAI e presentadas polos servizos sociais do concello ou polo departamento competente da Administración Autonómica. As ditas solicitudes poderanse presentar en calquera momento ao longo do curso escolar e de forma independente ao período de apertura de presentación de novas solicitudes.

Será o Concello da Baña o que decidirá o número de prazas mínimas e máximas de emerxencia social.

Reserva de praza

| NOME E APELIDOS | DATA NACEMENTO |
|-----------------|----------------|
| A.F.A.          | 14/12/2018     |
| J.C.G.          | 08/01/2020     |
| R.M.R.          | 30/06/2019     |
| J.M.P.          | 17/06/2018     |
| E.G.T.          | 17/05/2018     |
| A.P.V.          | 26/04/2018     |
| E.A.M.          | 25/01/2019     |
| X.M.C.          | 15/04/2018     |
| A.P.G.          | 26/03/2018     |
| D.V.C.          | 10/09/2018     |

Novo ingreso

| NOME E APELIDOS | DATA NACEM |
|-----------------|------------|
| A.F.T.          | 04/01/2020 |
| G.R.V.          | 09/12/2019 |
| L.C.E.          | 11/10/2018 |
| J.T.A.          | 07/04/2019 |
| T.V.C.          | 25/10/2018 |
| M.V.A.          | 10/11/2018 |
| C.A.B.          | 15/04/2018 |
| A.L.P.          | 14/06/2019 |
| E.T.L.          | 17/05/2020 |

|        |            |
|--------|------------|
| M.R.S. | 03/05/2020 |
|--------|------------|

Reserva de praza:

| NOME E APELIDOS | DATA NACEMENTO |
|-----------------|----------------|
| M.A.G.          | 06/08/18       |

Prazo de presentación de reclamacións do 18 ao 23 de xuño de 2020, a través da sede electrónica do Concello da Baña.